

## **RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NA RESOLUCIÓN DA DIRECTORA XERAL DA AGADER SOBRE A CONCESIÓN DE PRÓRROGAS INDIVIDUAIS A EXPEDIENTES CORRESPONDENTES Á SUBMEDIDA 19.2 (IMPLEMENTACIÓN DE OPERACIÓNS CONFORME ÁS ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL) CORRESPONDENTES Á MEDIDA LEADER DO PDR DE GALICIA 2014-2020. CONVOCATORIA 2019-2020**

### **Antecedentes.-**

- O 15/10/2021, a directora xeral da Agader emitiu unha resolución de ampliación de prazos que viña referida á concesión de prórrogas individuais a expedientes correspondentes á submedida 19.2 (implementación de operacións conforme ás estratexias de desenvolvemento local) correspondentes á medida leader do pdr de galicia 2014-2020, da convocatoria 2019-2020.
- No único anexo desta resolución de ampliación de prazos, recollíanse os expedientes cuxa ampliación de prazo se concedía.  
No citado anexo figuraba unha relación de expedientes correspondentes á convocatoria á que se refería especificamente a resolución de ampliación de prazos citada: convocatoria de proxectos 2019-2020.  
Non obstante, debido a un erro material tamén figuraban, incluídos no citado anexo, outros expedientes que se ben se presentaron ao longo do ano 2019, concorreron e obtiveron a concesión da axuda con cargo á convocatoria de proxectos 2020-2021. Estes expedientes correspondentes á convocatoria de proxectos 2020-2021 deberían ter figurado nos anexos correspondentes á resolución de ampliación de prazos que especificamente para esta convocatoria 2020-21 emitiu a directora xeral da Agader con idéntica data de 15/10/2021 pois todos os promotores tiñan solicitada a ampliación de prazos en tempo e forma.

AXENCIA GALEGA DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Lاراño  
15897 Santiago de Compostela  
T. + 34 981 547 354  
infoagader@xunta.gal  
agader.xunta.gal



## Fundamentos legais e técnicos.-

- O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, sobre o procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sinala que as Administracións Públicas, poderán, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.
- No PDR de Galicia 2014-2020 prevese que a Agader xestione a medida 19 (Leader) e, dentro dela, as submedidas 19. 2 (apoio á implementación de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo do GDR).

As bases reguladoras que rexen a xestión da medida Leader son as seguintes:

Acordo do 13 de decembro de 2019, publicado mediante a Resolución do 13 de decembro de 2019, polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas con Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR) (código de procedemento MR701D) e DOG núm. 246, do 27 de decembro de 2019.

- Resolución do 24 de setembro de 2021, da directora xeral da Agader, pola que se modifican as datas finais do calendario de xestión previsto no artigo 34.1 das bases reguladoras Leader, en relación coas Resolucións de concesión de axuda correspondentes ás submedidas 19.2 e 19.4B do PDR de Galicia 2014-2020.
- Esta resolución non prexudica a terceiros e non é restritiva nin de dereitos individuais nin colectivos, polo que a súa aplicación de xeito retroactivo ás resolucións de concesión de axuda que xa foran emitidas e notificadas aos interesados antes da data da emisión da presente resolución, non presenta inconveniente.
- Tendo en conta os antecedentes e fundamentos legais sinalados nos parágrafos anteriores e que a todos os expedientes que se recollían no anexo I da resolución emitida pola directora xeral da Agader do 15 de outubro de 2021 para a ampliación de prazos lles foi concedida prórroga para a execución e xustificación dos investimentos antes de finalización do prazo inicial, procédese a especificar en anexos distintos os expedientes que corresponden á convocatoria de proxectos LEADER (submedida 19.20 do PDR de Galicia 2014-20) referidos ás anualidades 2019-2020 (anexo A) e os expedientes que corresponden á convocatoria de proxectos leader das anualidades 2020-2021 (anexo B).

En consecuencia,

AXENCIA GALEGA DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño  
15897 Santiago de Compostela  
T. + 34 981 547 354  
infoagader@xunta.gal  
agader.xunta.gal



## PROPOÑO:

- Modificar o título da resolución da directora xeral da Agader, emitida o 15/10/2021, referida inicialmente á convocatoria 2019-20, de xeito que tamén se inclúa a referencia á convocatoria 2020-21. Polo tanto, substitúese o título inicial da mesma polo que a continuación se indica:

**Resolución da directora xeral da Agader sobre a concesión de prórrogas individuais a expedientes correspondentes á submedida 19.2 (implementación de operacións conforme ás estratexias de desenvolvemento local) correspondentes á medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020. Convocatorias 2019-2020 e 2020-2021**

- Desdobrar o anexo I da resolución en dous anexos diferenciados, de xeito que o anexo A se refira especificamente aos proxectos correspondentes á convocatoria de proxectos LEADER (submedida 19.20 do PDR de Galicia 2014-20) referidos ás anualidades 2019-2020 e o anexo B se refira aos expedientes que corresponden á convocatoria de proxectos leader 2020-2021.

AXENCIA GALEGA DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Lاراño  
15897 Santiago de Compostela  
T. + 34 981 547 354  
infoagader@xunta.gal  
agader.xunta.gal



## ANEXO A (PROXECTOS CORRESPONDENTES Á CONVOCATORIA 2019-20)

nº	GDR	Nº expediente	Promotor	MOTIVACIÓN	Data final para a execución e xustificación dos investimentos
8	Sil Bibei Navea	L19 1920 08 0110	Concello de Castro Caldelas	Imposibilidade da empresa contratada para a execución do investimento.	22/11/2021
10	A Limia Arnoia	L19 1920 10 0149	Daniel Seguí Rodríguez	Atraso na concesión de licenzas	22/11/2021
13	Condado Paradanta	L19 1920 13 0129	Quinta Corisca SL	Dificultades derivadas de falta de liquidez para acometer o investimento.	22/11/2021
15	Pontevedra Morrazo	L19 1920 15 0069	Concello de Pontevedra	Pendente do pagamento da última certificación das obras e a formalización da conexión dos servizos para a oficina técnica	22/11/2021
15	Pontevedra Morrazo	L19 1920 15 0076	Xunca Xestión S.L.U	Á espera dun informe preceptivo por parte de Turismo	22/11/2021

AXENCIA GALEGA DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño  
15897 Santiago de Compostela  
T. + 34 981 547 354  
infoagader@xunta.gal  
agaderxunta.gal



15	Pontevedra Morrazo	L19 1920 15 0064	Montajes y Creaciones Norte, S.L.	A la espera de un informe de eficacia	22/11/2021
19	Terras de Compostela	L19 1920 19 0087	Amapen New Tourism S.L	Cambio da empresa de construción e falta de subministracións	22/11/2021
23	Mariñas Betanzos	L18 1920 23 0100	Grupo Spazi Aguasport, S.L	Atraso na obtención do permiso de patrimonio e atraso na contratación. Dificultades coa subministración do material	22/11/2021
23	Mariñas Betanzos	L19 1920 23 0129	Cardica SL	Atraso na obtención de licenzas e permisos	22/11/2021

AXENCIA GALEGA DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño  
15897 Santiago de Compostela  
T. + 34 981 547 354  
infoagader@xunta.gal  
agaderxunta.gal



**ANEXO B**  
**(PROXECTOS CORRESPONDENTES Á CONVOCATORIA 2020-21)**

<b>nº</b>	<b>GDR</b>	<b>Nº expediente</b>	<b>Promotor</b>	<b>MOTIVACIÓN</b>	<b>Data final para a execución e xustificación dos investimentos</b>
1	<i>Terras de Miranda</i>	L19 1940 01 0137	Gestinorte inmobiliaria Gallega, S.L	Dificultades coa subministración de materiais e equipamento.	22/11/2021
3	<i>Montes e Vales Orientais</i>	L19 1920 03 0139	Asociación Corripa	Dificultades derivadas de falta de liquidez para acometer o investimento.	22/11/2021
3	<i>Montes e Vales Orientais</i>	L19 1920 03 0152	Diana María Forero Morantes	Dificultades coa obtención da licenza de obra. Dificultades para a obtención de material debido á pandemia de Covid 19. Dificultades co persoal.	22/11/2021

AXENCIA GALEGA DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño  
15897 Santiago de Compostela  
T. + 34 981 547 354  
infoagader@xunta.gal  
agaderxunta.gal



11	<i>Adercou</i>	L19 1920 11 0113	CARIDETRANS, S.L.	Escasez de suministros de materiais de construción pola Covid 19	22/11/2021
17	<i>Salnés Ulla Umia</i>	L19 1920 17 0126	Celenis de Inversiones S.L.	Atrasos pola Covid de subministracións necesarias para o acometemento do proxecto	22/11/2021
18	<i>Deloa</i>	L19 1920 18 0082	Grupo Fernández y Collazo	Pendente da obtención da licenza definitiva	22/11/2021
18	<i>Deloa</i>	L19 1920 18 0088	POMPAS FÚNEBRES DEL NOROESTE,S.A.	Atraso nos trámites administrativos	22/11/2021
19	<i>Terras de Compostela</i>	L19 1920 19 0095	Intasem Asesoría, S.L.	Atraso na instalación das comunicacións por parte da compañía subministradora	22/11/2021
23	<i>Mariñas Betanzos</i>	L19 1920 23 0132	Concello de Paderne	Atraso nos trámites administrativos	22/11/2021
24	<i>Seitura 22</i>	L19 1920 24 0130	Sara Gascón Pérez	Falta de stock e dificultades de mobilidade por parte dos profesionales contratados	22/11/2021



24	<i>Seitura 22</i>	L19 1920 24 0141	Concello de Monfero	Dificultades no proceso de selección de persoal	22/11/2021
----	-------------------	------------------	---------------------	---	------------

Santiago de Compostela,  
O subdirector de Relacións cos GDRs  
(asinado electrónicamente)

Moisés Blanco Paradelo

Tendo en conta o exposto, **RESOLVO aprobar a proposta do subdirector** de Relacións cos GDRs nos seus propios termos

Santiago de Compostela

O Consello de Dirección de Agader  
(P.D: Acordo do 13/12/2019)  
A directora xeral da Agader  
(asinado electronicamente)  
Inés Santé Riveira

AXENCIA GALEGA DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño  
15897 Santiago de Compostela  
T. + 34 981 547 354  
infoagader@xunta.gal  
agaderxunta.gal

